



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) Esta portada no forma parte del documento original en papel		 386G 4V2B 5S1L 5039 19M5	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE1A175R		
Número/Año	55934/2026		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsa	ACM		
Interesado Principal	GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO		
Representante			
Descripción	Solicitud general		
Páginas	4 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	29/06/2026 12:17:31		
Fecha Captura	29/06/2026 12:17		
Valor CSV	386G 4V2B 5S1L 5039 19M5		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsión electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu concelleiro David Soto Díaz, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **moción** sobre **Actuacións para afrontar os episodios de vagas de calor**,

Exposición de motivos

Dende hai anos as e os expertos veñen alertando do aumento das vagas de calor en Europa, tanto na súa intensidade, como na súa frecuencia, a causa do cambio climático producido polo uso a grande escala de combustíbeis fósiles. Estas vagas de calor producen un gran impacto tanto nos ecosistemas naturais, como na saúde das persoas, chegando a producir nos veráns de 2022 e 2023 máis de 100.000 mortes en Europa, que afectan, sobre todo, a persoas da terceira idade, ou con diversas patoloxías.

Trátase ao noso entender dun problema que debe ser abordado dende varias administracións públicas, pois esixe unha abordaxe integral dende áreas como a sanidade pública, os servizos sociais, a regulación do traballo ou o urbanismo. Neste sentido, tamén os concellos poden e deben actuar dentro do marco das súas competencias para paliar as consecuencias que estes episodios de altas temperaturas producen na veciñanza.

Así, esta moción propón unha serie de actuacións para a abordaxe integral da cuestión, que buscan, en primeiro lugar, o estudo, redacción e implantación dun Protocolo Municipal de Actuación Ante Vagas de Calor que identifique poboación en risco e que desenvolva medidas en diversos ámbitos e, en segundo lugar, unha serie de actuacións urbanísticas que buscan que o espazo urbano estea mellor preparado para afrontar estes episodios.

En canto o Protocolo, propóñense actuacións encamiñadas a sensibilizar á poboación, a coidar dos colectivos en risco, a poñer a disposición da veciñanza as infraestruturas municipais a modo de refuxios climáticos, a mellorar a climatización dos edificios públicos e a velar pola saúde laboral das e dos traballadores dos servizos públicos municipais.

Finalmente, no atinente ás actuacións urbanísticas, propónse aumentar a superficie arborada da cidade, así como as sombras en determinados espazos, como prazas, parques infantís e rúas peonís. Asemade, propónse aumentar o

número de fontes de auga potábel, así como velar polo seu correcto funcionamento.

Por todo o anterior propoñemos o seguinte:

Acordo

1. Instar ao goberno local a desenvolver un Protocolo Municipal de Actuación Ante Vagas de Calor, que inclúa:
 - Accións específicas para as persoas da terceira idade, que comprendan tanto a comunicación diaria cos servizos municipais, como a organización de servizos de voluntariado dirixidos a garantir o benestar deste colectivo durante os episodios de altas temperaturas.
 - Accións específicas para as persoas sen fogar, de maneira que se facilite o aloxamento deste colectivo en lugares en que se garanta unha temperatura adecuada.
 - Habilitar refuxios climáticos en edificios públicos tales como centros cívicos e colexios públicos de titularidade municipal, de forma que permanezan abertos durante as vagas de calor mantendo unha temperatura agradable e permitindo o seu uso por parte da veciñanza.
 - Impulsar unha campaña de sensibilización dirixida á veciñanza que sirva para divulgar hábitos saudábeis durante as vagas de calor, pero que tamén axude a identificar colectivos en risco, así como os síntomas do golpe de calor.
 - Instalar elementos de refrixeración en todos os edificios públicos municipais, así como obrigar á empresa concesionaria do transporte urbano a manter unha temperatura segura nos buses que operan na cidade.
 - Obrigar ás concesionarias de servizos municipais a negociar coas representacións de traballadoras/es a reorganización dos horarios de traballo de aqueles postos sometidos a un maior estrés térmico (persoal de limpeza viaria, xardinería, obras públicas, etc.) durante os episodios de altas temperaturas.

2. Instar ao goberno local a aumentar a área de arborado nas zonas de verdes e nas prazas da cidade.
3. Instar ao goberno local a estudar a posibilidade de aumentar os espazos de sombra mediante a instalación de pérgolas nos parques infantís e prazas, así como de toldos-vela nas rúas peonís máis concorridas.
4. Instar ao goberno local a incrementar o número de fontes de auga potable en toda a cidade e garantir o seu funcionamento adecuado.

A Coruña, 29 de xuño de 2026



David Soto Díaz
Concelleiro do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

